

ACTA DO COMITÉ CIENTÍFICO INTERNO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS)

Reunión por videoconferencia vía Zoom

Data e hora: 05 de novembro de 2024, ás 13.00 horas

CONVOCADOS:

Presidenta:

M^a Luz Couce Pico. Directora Científica do IDIS.

Secretaria:

José Ramón Castro Ruibal. Xestor de I+D+i do IDIS.

Vogais:

José Víctor Álvarez González. Investigador en formación (R2).

Ángel Carracedo Álvarez. Coordinador da Área de Xenética e Bioloxía de Sistemas.

Miriam Cebey López. Representante de calidade do IDIS.

Manuel Collado Rodríguez. Representante de Formación do IDIS.

Anxo Fernández Ferreiro. Representante de Innovación e Transferencia do IDIS.

José Ramón González Juanatey. Coordinador da Área de Cardiovascular.

Francisco Gude Sampedro. Coordinador da Área de Plataformas e Metodoloxía.

José Luis Labandeira García. Investigador senior do IDIS.

Isabel Lista García. Directora da Fundación IDIS.

Rafael López López. Coordinador da Área de Oncoloxía.

Miguel A López Pérez. Investigador senior (R4).

Mabel Loza García. Representante de Dirección do CIMUS.

Miguel Ángel Martínez Olmos. Coordinador da Área de Endocrinoloxía.

Federico Martinón Torres. Investigador senior (R4).

Laura Muínelo Romay. Investigadora senior (R3).

Mabel Sampedro Parada. Representante de Innovación e do Comité de Empresa.

Ana Vega Gliemmo. Investigadora senior (R4).

Sandra Vidal Martínez. Representante de enfermería

NON ASISTEN:

Francisco Gude Sampedro

Miguel López Pérez

Federico Martínón Torres

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Proceso de renovación da acreditación do IDIS.
3. Axudas de RRHH do IDIS.
4. Rogos e preguntas.

1. Lectura e aprobación da acta anterior.

A acta da reunión celebrada o 23 de xullo de 2024 apróbase por unanimidade.

2. Proceso de renovación da acreditación do IDIS.

A Directora Científica (DC) do IDIS, fai unha exposición na que detalla o proceso de renovación da acreditación do Instituto, na cal indica que foi presentada a documentación necesaria no mes de setembro, e nas que se detallan algúns dos indicadores da guía de acreditación, destacando aqueles que están en proceso de mellora. Unha vez realizado este trámite, o día 22 de outubro comezou o proceso de auditoría cunha reunión inicial de dúas horas co equipo auditor, que se celebrou por videoconferencia, ao cal se lle fixo unha presentación co fin de ofrecer unha visión global do IDIS e dar a coñecer os aspectos máis destacables do seu funcionamento, traxectoria e indicadores, analizando de forma xeral a información facilitada no proceso de renovación da acreditación e abordar os aspectos organizativos da visita presencial da auditoría, que terá lugar os días 20, 21 e 22 de novembro. Nestas datas haberá dúas reunións co consello reitor e varias entrevistas con persoal do Instituto (responsables de grupos, plataformas e comisións, persoal en formación e xestores). Ademais, convocaron unha reunión co CCI e responsables das áreas científicas o día 20 de novembro, ás 12 h., cunha duración estimada de 1 hora. Así mesmo, o día 21 de novembro, ás 12 h., está programada unha visita polas instalacións do IDIS.

3. Axudas de RRHH do IDIS.

Con respecto a este punto, a DC anuncia que esta semana sairá publicada a convocatoria 2024 de axudas de recursos humanos do IDIS, a cal inclúe 6 axudas para contratos predoutorais, 3 axudas para contratos posdoutorais e 1 axuda para contrato de técnico de apoio nas plataformas do IDIS. Sendo un total de 10 contratos.

A continuación, explícanse algúns aspectos da convocatoria, destacando os seguintes:

- A avaliación dos proxectos presentados será avaliada por un organismo externo, como nos últimos 2 anos.
- Como novidade deste ano, as publicacións do grupo de investigación que presente unha proposta deberán contar coa adscrición ao IDIS, polo menos no 70% das súas publicacións científicas do ano 2023.
- Tamén se valorará a participación nos Seminarios Mércores IDIS e as actividades de divulgación promovidas polo IDIS.
- Por último, móstranse os baremos de cada unha das categorías de axudas que se publicarán, para avaliar posibles suxestións, para as que se abre un período de consultas.

Ángel Carracedo propón valorar a implantación dos criterios DORA neste tipo de axudas. Informa que outros centros están implantando esta avaliación, e que pode ser beneficioso consultar con eles esta posibilidade e a forma en que a están realizando.

Laura Muínelo propón, en relación coas axudas posdoutorais, aumentar, polo menos un ano a marxe para acceder a estas axudas desde o momento en que o/a candidato/a lea a súa tese de doutoramento.

Ambas as propostas teranse en conta e, na medida do posible, aplicaranse nas bases.

4. Rogos e preguntas.

Ana Vega propón, para potenciar a investigación clínica no Instituto, sendo esta unha debilidade do noso centro, que sería moi favorable contar con máis axudas para intensificar a actividade investigadora. A DC comenta que o propondrá na súa próxima reunión con GAIN.

Laura Muinelo comenta que seguimos a ter problemas para o almacenamento de mostrás biolóxicas debido á falta de espazo. A DC indica que se seguirán a buscar alternativas para solucionalo.

Ao non haber máis asuntos, dáse por finalizada a reunión ás 13:40 horas, e recórdase que a vindeira reunión será o 20 de novembro, ás 12 horas, co equipo auditor.

Asdo.

Vº Bº.

José Ramón Castro Ruibal
Secretario do CCI

Mª Luz Couce Pico
Presidenta do CCI